

12/928 CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. PROPOSTA DE APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 20 de novembro de 2009 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Proposta e prego de prescricións técnicas que rexerán a contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto ‘Lugo Emprego Activo’ redactado polas axentes de emprego e desenvolvemento local do Concello de Lugo.
- II. Informe de intervención no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, a existencia de crédito na partida 3220.22743 do presuposto do ano 2009 por importe de 192.500 euros.
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto ‘Lugo Emprego Activo’ Segunda Fase redactado polo servizo de contratación do Concello.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 da LCSP serían aqueles ‘cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración’: O obxecto do presente contrato é a realización dun servizo formación profesional consistente en actividades formativas dentro do proxecto ‘Lugo emprego activo’ Segunda Fase (Anexo II LCSP: servizos de educación e formación profesional).

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. Dado que é preponderante os criterios suxeitos a un xuízo de valor respecto ós suxeitos a fórmula aritmética esíxese a constitución dun Comité de Expertos tal e como se establece no artigo 134 da LCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelles as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, que elaborados polo Servizo de Contratación e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DE DOCENCIA ESPECIALIZADA

NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE. -----

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste contrato, aténdose ó obxectivo concreto do proxecto “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE, baixo o cal se encadra o presente procedemento, é contratar a entidades ou empresas para impartan a docencia especializada das diferentes accións formativas seguintes:

LOTE 1.- AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE DISCAPACITADA

LOTE 2.-TÉCNICO/A DE SISTEMAS DE ENERXÍAS RENOVABLES

LOTE 3.-MANTEMENTO DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS

LOTE 4.-OPERADOR/A DE ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS

LOTE 5.- OPERARIO/A DE REDES E CENTROS DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

LOTE 6.- TÉCNICO/A EN RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS

Os alumnos percibirán unha bolsa mensual, tanto na parte práctica como na teórica, e estarán cubertos por un seguro de accidentes que correrán a cargo do Concello. Cada unha das accións formativas é para 15 alumnos.

Para a realización de cada acción formativa obxecto deste contrato terase en conta as condicións e obxectivos que se sinalan no prego de prescricións técnicas elaboradas pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.

Os licitadores poderán presentarse a cada un dos lotes ou á totalidade do contrato.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 1996 (CNPA-1996):

"74.14.14 74.141 Servizos de consultoría en xestión de recursos humanos 86504 -"

CPV. 80421000-1.... Servizos de formación especializada.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigos 10 e 277 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto a realización dun servizo de formación profesional consistente en actividades formativas dentro do proxecto ‘Lugo emprego activo’ Segunda Fase.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA.- PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN.

1.- O valor estimado do contrato para os cinco lotes incluídos ascende á cantidade de 165.948,28 euros polo que incluído o IVE (16% - 26.551,72 euros) resulta un presuposto total de **192.500 euros** (CIENTO NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS) , correspondendo a cada lote o seguinte orzamento:

Lote 1.- axentes de desenvolvemento da comunidade discapacitada cun presuposto de 38.500 euros IVE incluído.

Lote 2.-técnico/a de sistemas de enerxías renovables cun presuposto de 20.900 IVE incluído.

Lote 3.-mantemento de aire acondicionado e fluídos cun presuposto de 50.600 euros IVE incluído.

Lote 4.-operador/a de estacións depuradoras de augas residuais cun presuposto de 22.000 euros IVE incluído.

Lote 5.- operario/a de redes e centros de distribución de enerxía eléctrica cun presuposto de 38.500 euros IVE incluído.

Lote 6.- técnico/a en recuperación de espazos degradados cun presuposto de 22.000 euros IVE incluído.

2.- Trátase dun proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego, que aporta o 80 %, e dicir, 154.000 euros, e polo Concello de Lugo, que aporta o 20 %, isto é 38.500 euros. Existe consignación orzamentaria na partida 3220.22709 do vixente Orzamento xeral para o importe de 192.500 euros.

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

4.- Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

5.- *Dada a natureza do contrato, e salvo circunstancias excepcionais prohibese expresamente a subcontratación.*

CUARTA.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

As accións formativas realizarase dende a data de formalización do contrato administrativo, 5 horas/día en horario de mañá, dende a data de inicio de acción formativa ata a data de remate de cada unha e que non excederá de decembro de 2010.

QUINTA. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de **4.978,44 euros** ou ben o **3% do presuposto fixado para cada lote IVE excluído**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, (B) PROPOSTA TÉCNICA e (C) OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O **sobre denominado (A), documentación administrativa**, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

- Xustificante de constitución da garantía provisional, a cal consistirá nun 3 por 100 do presuposto do contrato (4.978,44 euros) ou de cada lote para o que se presente oferta.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado (B), Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente, conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración da proposición de acordo cos criterios de avaliación non matemáticos contidos na cláusula décimo segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares e que a continuación se sinalan:

1.- Curriculum dos docentes para cada acción formativa a que conorra o licitador

2.- Programa formativo e metodoloxía de traballo

3.- Relación valorada de melloras ofertadas

4.- Relación de instalacións e/ou medios materiais postos a disposición para o desenvolvemento das accións formativas.

O sobre denominado (C), **Proposición Económica relativa a criterios avaliábeis automaticamente**, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación **DE DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”**

b) Propón como prezo do contrato:

- Lote 1:euros máis o IVE (16%)€ facendo un total de €.
- Lote 2:euros máis o IVE (16%)€ facendo un total de €.
- Lote 3:euros máis o IVE (16%)€ facendo un total de €.
- Lote 4:euros máis o IVE (16%)€ facendo un total de €.
- Lote 5:euros máis o IVE (16%)€ facendo un total de €.

As cantidades consignarase así mesmo en letra.

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

A inclusión en calquera dos sobres de documentación que deba estar noutro implicará automaticamente o rexeitamento das proposicións do licitador.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra. Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de

proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir ese día co 24 ou 31 de decembro ou 22 de maio (Santa Rita) e se prorrogará ata o primeiro día hábil.

O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Para a valoración da documentación contida no sobre B reunirse o Comité de Expertos.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a valoración das propostas teranse en conta os seguintes criterios de valoración máxima:

12.1.- Criterios valorables automaticamente

- Menor prezo ofertado: ata un máximo de 20 puntos.

A proposición que oferte o prezo máis baixo para cada un dos lotes obterá a máxima puntuación (20 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

12.1.2.- Criterios non valorables automaticamente

-Programa formativo e metodoloxía de traballo: ata un máximo de 45 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

- Valorarase ata un máximo de 35 puntos, ás entidades que presenten convenios ou acordos con centros de traballo especializados na temática da acción formativa, e que garantan que as horas prácticas dos cursos sexan impartidas neses centros, valorarase a capacidade destes centros de asumir contratos laborais dos alumnos formados. Ademais as prácticas estarán de acordo cos contidos teóricos do curso.

- Valorarase ata un máximo de 10 puntos, o grao de detalle que conteña o programa formativo xunto coa descrición que se faga da metodoloxía que se empregará en cada módulo

-Currículo dos docentes que se asignen a cada acción formativa: ata un máximo de 20 puntos. Valorarase o currículo individual de cada un dos profesionais asignados a cada un dos cursos e o seu nivel de titulación, relacionada coa temática da acción formativa.

-Instalacións e/ou medios materiais postos a disposición polo licitador para o desenvolvemento das accións formativas: ata un máximo de 10 puntos, en función das dotacións das aulas e o seu equipamento audiovisual e sobre todo segundo as instalacións asignadas ás prácticas, preferentemente se son

centros de traballo modernos que contén con equipamentos tecnoloxicamente avanzados.

-Melloras sobre o prego: ata un máximo de 5 puntos, valorarase a cantidade económica destinada á melloras no contrato, preferentemente organización de xornadas especializadas, seminarios formativos, material didáctico ou equipamento para o desenvolvemento da acción formativa, etc.

Para a valoración deste apartado, o licitador deberá presentar unha memoria explicativa da actividade proposta con identificación do número de horas da actividade, relación de material a empregar, etc. Os técnicos municipais valorarán a adecuación do prezo ofertado ós prezos de mercado. O concello terá a facultade de acepta-la actividade definida como mellora ou ben solicitar a realización doutra relacionada co obxecto do contrato e, respectando neste caso o valor total da mellora.

Para a valoración dos apartados relativos á OFERTA TÉCNICA e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un **comité formado por expertos na materia** non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

O Comité de Expertos disporá dun prazo de dez días hábiles dende a solicitude do informe, para efectuar a valoración e levantar a acta correspondente que será remitida á Mesa de Contratación que procederá á apertura, en acto público, dos sobres (C) e á valoración das OFERTAS ECONÓMICAS.

A Mesa fará constar nun informe asinado por tódolos seus membros a clasificación obtida para cada proposta tendo en conta os criterios de adxudicación e a proposta do Comité de expertos.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamente máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta algunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (un técnico da Axencia de Desenvolvemento Local) da información o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 282 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento do prezo do contrato será aboado ó contratista polo Concello contra facturas mensuais de acordo co número de horas que se imparta cada mes expedidas pola empresa, debidamente conformadas polo responsable da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local encargado do seguimento e coordinación e maila Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 285 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A N E X O**DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA	
NOME:	
ENDEREZO:	

LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2° COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3° TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

FIRMA:

DATA:"

B) “PREGOS TÉCNICOS QUE HAN DE REXER NO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA, NO MARCO DO PROXECTO “LUGO, EMPREGO ACTIVO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lugo, a través da Concellería de Economía e Emprego, está a poñer en marcha un plan integral de formación e emprego dentro do proxecto Lugo, Emprego Activo, subvencionado cun 80% polo Fondo Social Europeo a través do MAP, a xestión do cal se efectúa de xeito directo por persoal do Concello, se ben a maioría das accións formativas deste plan precisan ser contratadas de xeito externo, xa que no Concello non se dispón de persoal docente especializado para poder impartilas, a empresas ou entidades que operan no ámbito da temática das diferentes accións formativas que se ofertan e que polo tanto son potenciais xeradoras de emprego podendo así contribuír non só á

impartición de docencia, senón tamén a facilitar emprego a parte dos alumnos participantes nas accións formativas.

A presente convocatoria responde ás accións previstas no marco do proxecto “LUGO, EMPREGO ACTIVO”, promovido polo Concello de Lugo ante o MAP e subvencionado nun 80% polo FSE, a través do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego.

O presuposto da contratación que se propón é con cargo á partida de custos de persoal no punto 1.5 Contratación Externa segundo o modelo do presuposto detallado do proxecto “LUGO, EMPREGO ACTIVO”, facilitado polo MAP, observado como gasto elixible dentro do proxecto, e na alínea de traballos realizados por outras empresas segundo o cadro do presuposto inicial do proxecto no Concello.

Entre as actuacións que se levarán a cabo no marco do proxecto de referencia cobran especial significado as orientadas ó fomento da autoocupación, á creación de pequenas empresas e a de facilitarlle o emprego ó alumnado integrante do proxecto para o que se deseñou as accións formativas, neste caso AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE DISCAPACITADA; TÉCNICO/A DE SISTEMAS DE ENERXÍAS RENOVABLES; MANTEMENTO DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS; OPERADOR/A DE ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS; OPERARIO/A DE REDES E CENTROS DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA; TÉCNICO/A DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste procedemento atense ó obxectivo concreto do proxecto LUGO, EMPREGO ACTIVO, que é a contratación dunha/s entidade/s ou empresa/s para a docencia especializada das accións formativas AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE DISCAPACITADA; TÉCNICO/A DE SISTEMAS DE ENERXÍAS RENOVABLES; MANTEMENTO DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS; OPERADOR/A DE ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS; OPERARIO/A DE REDES E CENTROS DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA; TÉCNICO/A DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS, pertencentes ó proxecto de referencia e relacionada co servizo de proximidade e oficio profesional.

O alumnado percibirá unha bolsa mensual, tanto na parte práctica como na teórica, e estará cuberto por un seguro de accidentes que correrá a cargo do Concello.

Condicións particulares dos lotes:

Cada unha das accións formativas é para 15 alumnos/as. Cada acción formativa obxecto de contrato neste procedemento terá en conta o cumprimento dos seguintes requisitos:

LOTE 1

AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE DISCAPACITADA	
Xustificación da actuación	
<p>A Lei de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade recolle medidas para garantir que o dereito á igualdade de oportunidades sexa efectivo, e institúe o modo de levar a cabo unha política de equiparación, fomento e defensa destas persoas. As primeiras fan referencia a medidas de sensibilización, fomento do desenvolvemento tecnolóxico e fondos para o desenvolvemento conxunto con distintas administracións.</p> <p>Ademais do anteriormente reflectido, atopámonos nun momento no que é case indispensable o coñecemento das novas tecnoloxías para lograr inserirse no mercado de traballo, polo tanto, é necesaria a existencia de profesionais formados neste campo para que se produza tanto a igualdade efectiva en todos os aspectos como para que se converta en realidade a inserción laboral deste colectivo.</p>	
Obxectivos	
<ul style="list-style-type: none"> - Formar o alumnado asistente ó curso como axentes de desenvolvemento da comunidade discapacitada e axudarlles tanto ás persoas discapacitadas como ós seus familiares en todos aqueles aspectos que sexan necesarios. 	
Descrición	
Título	AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE DISCAPACITADA
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción. Fenomenoloxía da discapacidade (70 h) - A atención temperá (70 h) - Comunicación non verbal. Habilidades expresivas (70 h) - O contorno das persoas usuarias discapacitadas (70 h) - Características das discapacidades e as súas complicacións (70 h) - Sistemas interactivos de información (70 h) - As novas tecnoloxías como facilitadoras do acceso ás persoas discapacitadas (70 h) - Técnicas de interpretación e aspectos profesionais (70 h)

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

	- Seguridade e hixiene no traballo (70 h) - Orientación profesional (70 h)
Nº horas teóricas	375 h
Nº horas prácticas	325 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordes con esta especialidade.
Nº horas	700 h
Nº de alumnado	15
Resultados	
Formación como axentes de desenvolvemento da comunidade discapacitada a 15 alumnos/as.	
Persoas beneficiarias	
15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica en Servizos de Proximidade.	
Indicadores	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as que finalizan a acción formativa ▪ % de incorporación ó mercado laboral. 	
Presuposto	
38.500 euros	
Entidades relacionadas	
Serán os técnicos e as técnicas do proxecto as persoas responsables da xestión e execución desta acción.	
Previsión temporal de execución	
De febreiro a agosto de 2010 ambos os dous incluídos.	

LOTE 2**TÉCNICO/A DE SISTEMAS DE ENERXÍAS RENOVABLES****Xustificación da actuación****Obxectivos**

- Existe unha progresiva tendencia á substitución das fontes de enerxía convencionais por fontes de enerxía renovable que sexan respectuosas co medio ambiente. Esta tendencia chegou tanto ás administracións públicas como ós fogares, e son cada vez máis os casos de iniciativas de posta en marcha de instalacións solares térmicas, eólicas e fotovoltaicas en substitución ou como complemento da subministración eléctrica no caso da enerxía eólica e fotovoltaica e o uso da enerxía solar térmica para prover de auga quente sanitaria ás vivendas ou edificios públicos.

Descrición

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

Título	TÉCNICO/A DE SISTEMAS DE ENERXÍAS RENOVABLES.	
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> - Análise da rendibilidade dun proxecto de investimento (50 h) - Radiación solar (25 h) - Enerxía eólica (25 h) - Solar pasiva (40 h) - Solar térmica (60 h) - Electrificación fotovoltaica e eólica (60 h) - Minicentrales (60 h) - Biomasa residual (60 h) 	
Nº horas teóricas	200 h	
Nº horas prácticas	180 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordes a esta especialidade	
Nº horas	380 h	
Nº de alumnado	15	
Resultados	Persoas beneficiarias	
Formación como Técnico/a de sistemas de enerxías renovables a 15 alumnos/as.	15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica a Demandantes de Emprego con Especiais Necesidades de Inserción.	
Indicadores	Presuposto	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as. ▪ % de incorporación ó mercado laboral. 	20.900 euros	
Entidades relacionadas		
Será o persoal técnico do proxecto o responsable da xestión e execución desta acción.		
Previsión temporal de execución		
De febreiro a maio de 2010 ambos os dous incluídos		

LOTE 3**MANTEMENTO DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS****Xustificación da actuación**

Os traballadores e traballadoras de mantemento de aire acondicionado e fluídos

son profesionais que se integran nos equipos de montaxe e mantemento de edificios e plantas produtivas nas que se colocan equipos de refrixeración, climatización e ventilación. Xeralmente, as empresas que contratan a estes/as profesionais pertencen ó sector industrial de fabricación de alimentos, bebidas, químicas, etc. Aínda que poden traballar instalando estes equipos.

Obxectivos

- Dotar o alumnado participante dos coñecementos específicos que lle permitan realizar o mantemento de sistemas de aire acondicionado e redes de fluídos, efectuando revisións sistemáticas e asistemáticas para prever, localizar e identificar avarías e anomalías de funcionamento, propoñer as accións correctoras oportunas, reparar, verificar e poñer a punto, axustar equipos e parámetros para obter o rendemento enerxético óptimo de cada sistema, organizar o plano de intervención, cubrir a documentación da normativa vixente, realizando o traballo en condicións de calidade e seguridade.

Descrición

Título	MANTEMENTO DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantemento preventivo de sistemas de aire acondicionado e de redes de fluídos (instalacións de calefacción, auga quente sanitaria e gas) (60 h) ▪ Mantemento preventivo de instalacións frigoríficas (65 h) ▪ Mantemento correctivo de sistemas de aire acondicionado (110 h) ▪ Mantemento correctivo de redes fluídos (instalacións de calefacción, auga quente sanitaria e gas) (100 h) ▪ Mantemento correctivo de instalacións frigoríficas (100 h) ▪ Verificación e posta a punto de sistemas de aire acondicionado (100 h) ▪ Verificación e posta a punto de redes de fluídos (instalacións de calefacción, auga quente e gas) (100 h) ▪ Verificación e posta a punto de instalación e equipos frigoríficos (100 h) ▪ Optimización de instalacións de aire acondicionado, frío e redes de fluídos (instalacións de calefacción, auga quente sanitaria e gas) (80 h)

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xestión da documentación (instalacións de calefacción, auga quente sanitaria e gas) 65 h) ▪ Fundamentos de organización do mantemento (40 h)
Nº horas teóricas	530 h
Nº horas prácticas	390 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordos a esta especialidade
Nº horas	920 h
Nº de alumnos/as	15
Resultados	
Formación en mantemento de aire acondicionado e fluídos a 15 alumnos/as.	Persoas beneficiarias 15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica a Demandantes de Emprego con Especiais Necesidades de Inserción.
Indicadores	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as que finalizan a acción formativa. ▪ % de incorporación ó mercado laboral 	Presuposto 50.600 euros
Entidades relacionadas	
Será o persoal técnico do proxecto o responsable da xestión e execución desta acción.	
Previsión temporal de execución	
De febreiro a novembro de 2010 ambos os dous incluídos.	

LOTE 4**OPERADOR/A DE ESTACIONES DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS****Xustificación da actuación**

Baixo a denominación de estacións depuradoras de augas residuais urbanas agrúpanse as instalacións nas que as augas procedentes das redes de sumidoiro das poboacións ou núcleos habitados se someten a tratamento, a fin de reducir os seus niveis de contaminación ata cotas aceptables. Normalmente, tras a súa depuración as augas son vertidas a leitos públicos ou ó mar.

A grandes trazos, o tratamento consiste en separar os diversos produtos e substancias de refugo que, ben en suspensión ou disolución, arrastran as augas. Estes produtos e substancias, fundamentalmente, son: plásticos, graxas, materias orgánicas, metais, areas, produtos químicos, etc. Iso é debido a que xuntamente

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

coas verteduras domesticas se recollen as variadas verteduras das industrias que teñen conexión coa rede urbana de sumidoiros.	
Obxectivos	
- Proporcionarlles ás persoas beneficiarias da acción formativa os coñecementos adecuados para realizar os traballos de explotación e mantemento dunha estación depuradora de augas residuais así como a conservación das instalacións da planta.	
Descrición	
Título	OPERADOR/A DE ESTACIÓN DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcionamento e explotación de plantas depuradoras de augas residuais (75 h) ▪ Mantemento preventivo e predictivo dos equipos (50 h) ▪ Mantemento correctivo dos equipos (200 h) ▪ Conservación das instalacións (75 h)
Nº horas teóricas	250 h
Nº horas prácticas	150 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordes con esta especialidade
Nº horas	400 h
Nº alumnos/as	15
Resultados	Persoas beneficiarias
Formación como operador/a de estacións depuradoras de augas residuais a 15 alumnos/as.	15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica a Demandantes de Emprego con Especiais Necesidades de Inserción.
Indicadores	Presuposto
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as. ▪ % de incorporación ó mercado laboral. 	22.000 euros
Entidades relacionadas	
Será o persoal técnico do proxecto o responsable da xestión e execución desta acción.	
Previsión temporal de execución	
De febreiro a maio de 2010 ambos os dous incluídos	

LOTE 5**OPERARIO/A DE REDES E CENTROS DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA****Xustificación da actuación**

O consumo de electricidade por comunidades autónomas está en estreita relación coa poboación, con variacións explicables pola densidade do seu equipamento industrial e pola súa renda por habitante. No caso de Galicia, e máis concretamente en Lugo, as características orográficas dificultan o establecemento de redes eléctricas e as que existen están en mal estado, polo que é necesaria a existencia de profesionais deste sector para cubrir as necesidades reais de toda a provincia.

Obxectivos

- Dotar o alumnado dos coñecementos específicos que debe posuír unha persoa operaria de redes e centros de distribución para realizar manobras, conectar, reparar e manter os ditos centros.

Descrición

Título	OPERARIO/A DE REDES E CENTROS DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fundamentos de distribución de enerxía eléctrica (250 h) ▪ Manobras en redes e centros de distribución (100 h) ▪ Subestacións e centros de distribución (150 h) ▪ Redes de distribución (200 h)
Nº horas teóricas	400 h
Nº horas prácticas	300 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordes con esta especialidade
Nº horas	700 h
Nº de alumnado	15

Resultados

Formación como Operario de redes e centros de distribución de enerxía eléctrica a 15 alumnos/as.

Persoas beneficiarias

15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica a Demandantes de Emprego con Especiais Necesidades de Inserción.

Indicadores**Presuposto**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as. 38.500 euros ▪ % de incorporación ó mercado laboral.
Entidades relacionadas
Será o persoal técnico do proxecto o responsable da xestión e execución desta acción.
Previsión temporal de execución
De febreiro a agosto de 2010 ambos os dous incluídos.

LOTE 6

TÉCNICO/A EN RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS

Xustificación da actuación

Considérase espazo degradado aquel que perdeu o seu valor medioambiental por razóns como a presenza de residuos de todo tipo, elementos contaminantes, ausencia de vexetación, onde podería habela, ou uso e tratamento inadecuado do solo, entre outras. Son numerosos os proxectos e iniciativas destinados á descontaminación, restauración e acondicionamento da área degradada; mellora e recuperación ambiental ou natural de zoas de interese, recuperación, protección e conservación de elementos de interese ambiental ou natural, elementos topográficos e xeomórficos, recuperación de formacións vexetais e acondicionamento dun espazo degradado con fins paisaxísticos, culturais, lúdicos ou de recreo, polo que son necesarios os/as técnicos/as que sexan capaces de desenvolver ese labor.

Na actualidade, existe unha crecente demanda da cidadanía por ter un medio natural coidado e de aspecto agradable. Esta circunstancia provoca que o número de empresas e persoas dedicadas ó coidado de xardíns, ben sexan públicos e privados, aumentara. Este incremento está indiscutiblemente relacionado co aumento da calidade de vida e da sensibilidade co coidado e respecto ó medio natural.

Obxectivos

- Proporcionarlle ó alumnado os coñecementos específicos para traballar como técnicos/as en recuperación de espazos degradados.

Descrición

Título	TÉCNICO/A EN RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS
Módulos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Introducción. Concepto e tipos de espazos degradados. Enfoque e técnicas de restauración. Estudo da paisaxe (10 h)

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medidas preventivas e correctoras da paisaxe en proxectos de estradas, ferrocarrís, tendidos eléctricos, etc. Restauración de vías de comunicación (40 h) ▪ Reforestación como instrumento da conservación e corrección da calidade da paisaxe en obras de enxeñaría civil (40 h) ▪ Lexislación ambiental e economía dos recursos naturais (40 h) ▪ Restauración de ecosistemas afectados por actividades extractivas (40 h) ▪ Contaminación de augas subterráneas e descontaminación de acuíferos (40 horas). ▪ Repoboacións forestais e rexeneración de bosques (40 h) ▪ Restauración de vertedoiros (40 h) ▪ Restauración de zonas urbanas (40 h) ▪ Prácticas do campo (70 h)
Nº horas teóricas	227 h
Nº horas prácticas	173 h. Desenvolveranse obrigatoriamente en centros de traballo acordos con esta especialidade
Nº horas	400 h
Nº alumnos/as	15
Resultados	
Formación como Técnico/a en recuperación e espazos degradados a 15 alumnos/as.	Persoas beneficiarias 15 alumnos/as participantes no Itinerario de Formación Específica a Demandantes de Emprego con Especiais Necesidades de Inserción.
Indicadores	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº de alumnos/as. ▪ % de incorporación ó mercado laboral. 	Presuposto 22.000 euros
Entidades relacionadas	
Será o persoal técnico do proxecto o responsable da xestión e execución desta acción.	
Previsión temporal de execución	
De febreiro a maio de 2010 ambos os dous incluídos.	

SEGUNDA.- ALCANCE E CONTIDO

As accións formativas e as prácticas localizaranse no ámbito territorial do Excmo. Concello de Lugo, no caso de que se realicen prácticas fóra do Concello de Lugo, os gastos de transporte do alumnado serán a cargo da entidade adxudicataria.

Os colectivos ós que irá dirixida a acción formativa son persoas desempregadas empadroadas con preferencia no Concello de Lugo, a selección destas persoas beneficiarias será realizada polo Concello de Lugo. As accións formativas que se licitan observarán un total de 15 persoas beneficiarias cada unha, e a entidade que resulte adxudicataria de cada lote deberá comprometerse a impartir e titorizar docencia a 15 alumnos/as tanto nas horas teóricas nas aulas que facilite o Concello de Lugo como nas horas prácticas nos centros especializados onde necesariamente se desenvolverán.

A titorización das prácticas comprende a busca das entidades de prácticas, a relación continuada con elas, así como o seguimento continuado e o control das asistencia das persoas beneficiarias da acción formativa.

TERCEIRA.- LUGAR DE EXECUCIÓN DOS SERVIZOS

A impartición da docencia obxecto do contrato realizarase fisicamente nas instalacións que o Concello de Lugo poña a disposición do desenvolvemento da acción formativa e/ou nas instalacións que oferten as diferentes entidades sempre e cando se considere por parte do Concello de Lugo que estas son máis axeitadas. As prácticas realizaranse nas entidades especializadas que o licitador propoña, en todo caso se as prácticas se realizan fóra do Concello de Lugo, os gastos de transporte do alumnado serán a cargo da entidade adxudicataria.

Será obrigatorio que no lugar onde se desenvolva a formación estea exposto permanentemente un cartel, que facilitará o Concello de Lugo, onde figurarán a acción formativa e o nome do proxecto dentro do que se desenvolve así como os logos do Concello de Lugo, FSE, MAP cumprindo todos os requisitos que para estes efectos de comunicación e publicidade a normativa dentro da que se enmarca o proxecto LUGO, EMPREGO ACTIVO esixe.

CUARTA.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

As accións formativas realizaranse 5 horas/día en horario de mañá, salvo que por causas xustificadas ou por razóns técnicas tiveran que desenvolverse doutra maneira, dende a data de inicio de acción formativa ata a data do remate dela, que en ningún caso excederá de decembro de 2010. Indícase así mesmo que as empresas deberán adaptarse ás datas previstas de execución acción formativa indicadas nas respectivas fichas, e tan só poderán alterarse estas datas moi xustificadas e autorizadas previamente polo Concello.

QUINTA.- SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DOS TRABALLOS

A entidade contratada designará unha persoa interlocutora, que de xeito directo colaborará co/coa coordinador/a xeral dos cursos designado/a polo Concello, este poderá supervisar en todo momento o desenvolvemento das accións formativas así como realizar:

Controis de eficacia:

- Controis de asistencia e de cumprimento do contrato.
- Visitas de control e seguimento durante a realización das accións cofinanciadas.
- Controis de avaliación previos, intermedios e finais a acción cofinanciadas,
- Control da documentación entregada ó alumnado beneficiario das accións e da documentación xustificativa da realización das accións desenvolvidas.
- A documentación esixida para a coordinación, seguimento e xustificación dos traballos realizados durante o período que dure a docencia, inclúe un informe final coa valoración académica do alumnado formado, e subministrarse tanto en soporte informático, como en papel, adaptándose ós formatos esixidos por parte da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

E controis financeiros:

- A entidade adxudicataria terá a disposición do Concello de Lugo, ata a anualidade de 2021 e en todo caso un mínimo de 3 anos despois do peche do programa operativo, todos os documentos contables e administrativos xustificativos da acción subvencionada, sen prexuízo das competencias que sobre a materia puidesen corresponder ó MAP, á Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE) ou a outros organismos competentes.
- Nos documentos que xustifiquen os correspondentes asentos contables, deberá constar a acción a que se refire, con indicación de que está cofinanciado/subvencionado polo Concello de Lugo, MAP e o FSE.
- Será función expresa do persoal técnico da Axencia de Emprego asinar os informes e xustificantes da asistencia técnica que presentará periodicamente a entidade contratada como xustificante das actuacións realizadas previamente autorizadas pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local. Poderase convocar á entidade adxudicataria cantas veces sexan necesarias para garantir a adecuación dos traballos ás necesidades do proxecto e do Concello de Lugo.

SEXTA.- COMEZO DA DOCENCIA

A entidade que resulte adxudicataria deberá comezar a acción formativa concertada a partir da data do contrato administrativo.”

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x570120928 LUGO EMPREGO ACTIVO II FASE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-12-2009

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 192.500 euros con cargo á partida 3220.22743 do vixente Orzamento xeral.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.